

OFICINA DE
TRANSFERENCIA
DE COÑECEMENTO

**Conectamos a innovación
da UDC coa sociedade**



OFERTA DE CAPACIDADES E RECURSOS DA UDC

Centros de investigación



CITIC - Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones

- Inteligencia artificial
- Ciencia e enxeñaría de datos
- Computación de alto rendemento
- Servizos e redes intelixentes
- Ciberseguridade



CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía

- Biomedicina
- Alimentación, contaminación e saúde
- Nanociencia e materiais avanzados



CITEEC - Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil

- Construción e desenvolvemento industrial limpos
- Mobilidade intelixente e sostible
- Cambio climático e xestión de recursos naturais e hídricos
- Transición enerxética



CITENI - Centro de Investigación en Tecnologías Navales e Industriais

- Procesos e tecnoloxías navales
- Procesos e tecnoloxías industriais
- Loxística, xestión enerxética e sustentabilidade



Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Arquitectura



Poñemos ao servizo da sociedade e das empresas as capacidades da UDC nestes ámbitos, que abranguen as ciencias humanas e sociais, o dereito e a xestión, a educación e a arquitectura. Estas áreas impulsan a innovación social, cultural e organizativa, ofrecendo coñecemento aplicable a múltiples sectores.

Catálogo de Investigación



Descubre as liñas de investigación, proxectos e capacidades dos grupos de investigación da UDC. O catálogo ofrece unha visión estruturada da súa oferta científica e tecnolóxica, facilitando colaboración con empresas, administracións e institucións.



Servizos de Apoio á Investigación (SAI)



- Ámbitos: química, bioloxía, medicina, farmacia, enxeñaría, arquitectura, medio ambiente, arqueoloxía, paleontoloxía, edafoloxía, ciencia de materiais, seguridade alimentaria e calidade da auga
- 730 equipos de instrumentación científica
- 227 procedementos analíticos
- Desenvolvemento e aplicación de metodoloxías para empresas
- Laboratorios de control oficial para administracións públicas



Centros interuniversitarios



ECOBAS - Economics and Business Administration for Society



CITMAGa - Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia



CISPAC - Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais



COLABORACIÓN CON EMPRESAS E ENTIDADES



UDC Conecta é o programa con que promovemos a conexión directa entre o persoal investigador da Universidade da Coruña e o tecido empresarial e institucional para transformar coñecemento en solucións con impacto.



Investigación contratada



Poñemos á disposición de empresas e entidades a posibilidade de contratar proxectos de I+D realizados por persoal investigador da UDC para resolver retos e necesidades concretas. Xestionamos a contratación e acompañamos en todo o proceso, dende o deseño do proxecto ata a súa execución.

Servizos científicos, tecnolóxicos e humanísticos




Ofrecemos acceso a equipamentos, laboratorios e coñecementos especializados da UDC para a realización de ensaios, análises, estudos técnicos ou desenvolvemento de prototipos. Adaptamos o servizo ás necesidades de cada entidade e aseguramos a calidade, o rigor científico e a aplicación práctica dos resultados.

Formación a medida



As empresas e entidades poden contar co persoal experto da UDC para impartir accións formativas adaptadas ás súas necesidades. Ofrecemos a posibilidade de contratar formacións específicas en múltiples ámbitos de coñecemento, tanto en formato presencial como en liña. Esta opción permite acceder a coñecemento actualizado e rigoroso, aplicado á realidade profesional, e impartido por persoal investigador con ampla experiencia docente e técnica.

Proxectos en colaboración




As empresas e entidades, públicas ou privadas, poden desenvolver proxectos innovadores en colaboración coa UDC a través de convenios adaptados ás súas necesidades. Isto permite establecer relacións estratéxicas co persoal investigador e acceder a oportunidades de financiamento público e privado para lograr un fin común.

Licenzas de tecnoloxía



Facilitamos a transferencia de tecnoloxías desenvolvidas na UDC mediante acordos de licenza a empresas interesadas en incorporalas aos seus procesos ou produtos. As licenzas permiten unha aplicación directa das innovacións, reducindo tempos e custos de desenvolvemento.

Cátedras universidade-empresa



Promovemos a creación de cátedras en colaboración con empresas e entidades para fomentar a investigación, a formación e a difusión nun ámbito de interese común. As cátedras permiten establecer relacións estables e de longo percorrido entre a UDC e o tecido socioeconómico.

Doutoramento industrial



Formación de doutores e doutoras no contexto de retos reais das empresas mediante contratos de doutoramento industrial. A combinación de formación académica e práctica empresarial permite avanzar na investigación aplicada e na captación de talento.

Unidades mixtas de investigación



Impulsamos a creación de unidades mixtas entre grupos de investigación da UDC e empresas ou entidades, co obxectivo de desenvolver liñas de I+D de interese común. Estas unidades permiten compartir espazos, persoal e recursos para xerar innovación de forma sostible e conxunta.

IMPULSO DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

Protección de resultados




A través da OTC xestiónase a propiedade intelectual e industrial xerada polo profesorado. Asesoramos e acompañamos ao equipo investigador durante todo o proceso de protección dos resultados de investigación. Avaliámoslos tecnicamente e suxerimos a modalidade de protección máis axeitada, xestionando todas as fases, dende a solicitude inicial ata a concesión e trámites posteriores. Deste xeito facilitamos que os resultados poidan licenciarse a empresas ou incorporarse a proxectos de innovación e transferencia de coñecemento.



Valorización de resultados



Promovemos a transformación dos resultados de investigación da universidade en activos con valor recoñecido e aplicables fóra do ámbito académico. Para iso, impulsamos actuacións como a realización de probas de concepto, a creación de Empresas Baseadas en Coñecemento ou a sinatura de contratos de licenza de patente, software ou *know-how*, facilitando que a innovación chegue ao mercado e xere beneficios para a sociedade.



FOMENTO DO EMPRENDEMENTO INVESTIGADOR

Empresas Baseadas en Coñecemento (EBC)



Actuamos como unha ponte entre a investigación académica e o ecosistema empresarial, acompañando ao persoal investigador para transformar as súas ideas en Empresas Baseadas en Coñecemento. Estas empresas nacen coa finalidade de dar continuidade aos avances xerados nos distintos ámbitos do coñecemento mediante a súa aplicación práctica no mercado, aproveitando patentes, modelos de negocio ou servizos derivados da investigación realizada na universidade.



OFICINA DE **TRANSFERENCIA** DE COÑECEMENTO



OTC

Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI)
Campus Elviña, 15071 A Coruña
+34 881 01 1477
otc@udc.gal
www.udc.gal/otc

Coa colaboración da
Consellería de Educación,
Ciencia, Universidades e
Formación Profesional



**XUNTA
DE GALICIA**